



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

Secretaría Xeral Técnica

Nº EXPEDIENTE: BS628A 2012/000002-0

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00

galicia

628AP 621



DATOS XERAIS OU DE IDENTIFICACIÓN

Denominación da entidade: ASOCIACION PARTICIPA PARA LA INCLUSION SOCIAL	
Nº inscrición: E-5703	CIF/NIF: G15870173
Enderezo: SUBIÑA, 64	
Localidade: OLEIROS	C.P.: 15177
Provincia: CORUÑA (A)	Teléf.: 981237258 Fax: 981237258
Representante legal: RODOLFO MARTINEZ MONTENEGRO	D.N.I.: 35941053B

Con data 2 de febreiro de 2012 a Secretaría Xeral Técnica ditou a seguinte resolución:

"RESOLUCIÓN DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS

Visto o expediente relativo á inscrición da entidade ASOCIACION PARTICIPA PARA LA INCLUSION SOCIAL, no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, e de acordo cos seguintes,

SUPOSTOS DE FEITO

Primeiro.- Con data de entrada no Rexistro xeral de 23 de decembro de 2011 a entidade de referencia solicitou a inscrición no devandito Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais

Segundo.- Xunto coa solicitude a entidade achegou toda a documentación esixida no artigo 14 do Decreto 291/1995, do 3 de novembro. Do seu exame, conclúese que os fins e obxectivos da entidade ASOCIACION PARTICIPA PARA LA INCLUSION SOCIAL, recollidos nos seus estatutos, así como a relación de programas presentados, inclúense dentro dos sinalados na Lei 13/2009 de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Este centro directivo é competente para resolver o expediente en virtude do que se establece no artigo 16 do Decreto 291/1995, do 3 de novembro e no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 9/2011, do 20 de xaneiro, que modifica o Decreto 335/2009, do 11 de xuño, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, así coma na Orde do 24 de outubro de 2011, polo que se establece a adscrición provisional e atribución de competencias.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 67 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, e os artigos 2 e 3 do Decreto 291/1995, do 3 de novembro, serán obxecto de inscrición no rexistro correspondente, en función da súa área de actuación, as entidades prestadoras de servizos sociais, considerándose como tales toda persoa física ou xurídica, legalmente recoñecida, que sexa titular de centros ou desenvolva programas de servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma Galega.

Vista a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, o Decreto 291/1995, do 3 de novembro, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, e demais normativa de carácter xeral aplicable, e dado que a documentación presentada cumpre coa normativa vixente na materia, esta Subdirección Xeral PROPÓN, a V.I. a adopción da seguinte: